

CAMPUS POLIDEPORTIVOS-TRAVESAS

DATAS E LUGAR

Do 13 ao 17 de xullo e do 20 ao 24 de xullo no Complexo Deportivo das Travesas.

XORNADA

A xornada é de 9.00 a 14.00 horas dende o luns ao venres.

Recepción de 8.30h a 9.00h.

Saída de 14.00h a 14.30h.

PRAZAS E IDADE

Contamos con 200 prazas(100 en cada campamento) para nenos/as de 6 a 14 anos.

INSCRIPCIÓN

O prezo é de corenta e cinco euros (45 €) por semana. A inscrición inclúe un seguro privado. Calquera neno ou nena poderá inscribirse a un ou aos dous campamentos.

A inscrición se realizará mediante unha chamada ao teléfono 986247104 en horario de oficina e unha vez confirmemos que hai prazas dispoñibles facilitámoslle ao mail que nos indiquen a follla de inscrición e o número de conta para o ingreso; nun prazo de 24 horas deberán enviar a follla de inscrición cuberta xunto co ingreso bancario. De non ser así, será rexeitada a inscrición para o campus.

A apertura do prazo de inscrición será o 15 de xuño, luns, en horario de oficina ata cubrir prazas.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Catro sesións deportivas dunha hora ao día cun descanso trala segunda sesión.

DEPORTE	CLUB
Ciclismo	Club Ciclista Vigués
Xadrez	Club Deportivo Miralba
Bádminton	Club Bádminton Rachaplumas
Atletismo	Agrupación Vigués de Atletismo-AVA
Patinaxe artística	Club As Rodas Patinaxe Artística-CARPA
Ximnasia	Club Maniotas
Xogos psicomotrices	Escola Deportiva MOBE

OBRIGAS

Obrigatoria a entrada e saída con máscara así como o lavado de máns ao entrar e saír co hidroxel que lle ofrecerán os monitores.

Os nenos e nenas deberán vestir con calzado e roupa deportiva. Cada día traerán un pequeno almorzo para tomar a media mañá e un recipiente con auga individual.

Para as actividades deberán traer de uso individual: patíns, crema solar e viseira ou gorro.

